

NOTA DE PRENSA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organiza as XVII Xornadas de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia “Psicoloxía e Atención Sanitaria: Impulsando o Debate”.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2012.- Os días 23 e 24 de novembro vanse celebrar na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela as XVII Xornadas de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, co título “Psicoloxía e Atención Sanitaria: Impulsando o Debate”.

En 1998 publicouse o Real Decreto (RD 2490/1998, de 20 de novembro) no que se creaba e regulaba a figura do Psicólogo Especialista en Psicoloxía Clínica. Desde ese momento, este era o único profesional sanitario no ámbito da Psicoloxía.

A promulgación da nova Lei Xeral de Saúde Pública (Lei 33/2011 de 4 de outubro) regula a creación dunha nova profesión sanitaria no eido da Psicoloxía, a de Psicólogo/a Xeral Sanitario/a. Esta lei ven regular un espazo que quedara sen resolver desde que no ano 2003 se elaborase a Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias, se ben esta nova realidade xera novas incertezas sobre o seu desenvolvemento na formación e exercicio profesional, que fan necesarios tanto un desenrolo normativo posterior como unha reflexión conxunta dos eidos académico e profesional, público e privado.

Abordaremos estes temas a redor de 3 mesas redondas, unha delas dedicarase aos aspectos de formación, desde o Grao en Psicoloxía ata a Especialidade en Psicoloxía Clínica. A segunda mesa redonda versará sobre as implicacións e retos que os cambios normativos supoñen a nivel das organizacións institucionais. Por último, dedicarase unha mesa redonda ao exercicio profesional da Psicoloxía Sanitaria nos distintos ámbitos e desde os distintos niveis de formación.

Esperamos así poder impulsar o debate sobre os interrogantes de gran importancia que xorden coa creación dunha nova profesión titulada na psicoloxía.

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
www.copgalicia.es
copgalicia@cop.es